

## Castaña

FOTOS CEDIDAS POR MARY FERNÁNDEZ



*Boa parte da colleita galega de castaña está nas zonas altas*

# Un froito moi rendible

ÁNGELES RODRÍGUEZ

**C**astiñeiros centenarios e mesmo milenarios poboan os soutos de boa parte das zonas de montaña da Galicia interior. Sen eles non podería entenderse a paisaxe destes lugares. É un cultivo fundamente arraigado e que, tras un tempo de abandono, está chamado a converterse nunha das alternativas de futuro do rural ourensán. Logralo implica producir con outros criterios e introducir técnicas novas. E niso se traba-

lla dende a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Castaña de Galicia, cuxa inscrición definitiva no DOCE (Diario das Comunidades Europeas) lográbase en maio de 2010.

A pesar de que é moito o que se debe mellorar, o sector demostra cada campaña a súa importancia e supón unha renda extra importante para os habitantes dos pobos ourensáns de montaña. Na colleita deste outono apañábanse unhas 15.000 toneladas de castaña en Galicia, boa parte delas procedentes dos soutos da provincia de Ourense. Houbo cantidade, pero baixou un pouco a calidade debido ás chuvias e ao calor de setembro e outo-



tubro. Aínda así, o presidente da IXP Castaña de Galicia, Jesús Quintá, asegura que isto non se vai notar no mercado final, ao que só chega a mellor castaña, seleccionada nas industrias. Ademais acadáronse uns prezos bastante elevados, que chegaron nalgúns casos ata os 1,8 euros o quilo. Tamén confía Quintá en que continúe medrando a castaña certificada, “é complicado porque a xente non ve a necesidade de certificarse, pero temos moitos soutos novos certificados que están entrando en produción”.

Entre eses castiñeiros certificados

están os de Mary Fernández, de Atás (Cualedro). Ata que ela comezou a plantalos, neste pobo apenas había un par destas árbores. Decidióuse por este cultivo buscando unha alternativa produtiva para as súas fincas e botando man das lembranzas da infancia do seu pai, natural doutra zona. “Plantamos os primeiros hai vinte anos, como o proceso do castiñeiro é lento tardaron un tempo en producir, pero logo vimos como cada tempada ía a máis a produción. Hai dez anos decidimos seguir poñéndoos. Están a uns 800 metros nunha zona chaira e

con marcos de 10x10”, lembra. Nestas fincas aplica novos criterios, tanto na forma de plantar como nas variedades escollidas: a ventura “por ser unha das que primeiro se recollen”, a xudía “por ser moi aceptada no mercado fresco”, a longal polo seu interese para a industria e a famosa, “tamén moi aceptada en fresco e de máis tamaño, de aí que se use para o *marrón glacé*”, explica Mary Fernández, que agora ten 3,5 has de soutos.

Di que a castaña é un produto con moitas posibilidades, non só pola súa rendabilidade económica, senón tamén como recurso paisaxístico. “Imaxina que todas as zonas abandonadas se convertiran en soutos, sería algo moi beneficioso, daríalle un auxe o rural e impediría os incendios. E mesmo podería ser un recurso turístico no outono como sucede no Jerte coas cereixas na primavera”, comenta. Ademais o seu exemplo servíu para que outros veciños de Atás se incorporasen á castaña. “Foi moi curioso, cando comecei a plantar comentábanme que isto non era zona de castiñeiro, que non se ían dar, pero hai uns 10 ou 15 anos, ao ver cómo producen e o prezo elevado do froito, foise animando máis xente e este ano fixéronse moitos desbroces para comezar con novas plantacións”.

BO NADAL E FELIZ 2015

**Panadería Nuevo**

C/ Lamas Carvajal, 8  
Tel.: 988 32 02 59  
O BARCO (Ourense)

Tel. (Tino): 988 32 61 04  
988 32 02 59

**GALBANOX, S.L.**

SUMINISTROS PARA LA CONSTRUCCIÓN  
FABRICANTES DE GANCHOS  
PARA CUBIERTAS DE PIZARRA Y TEJA

Tlf. y Fax 988 334 948  
Móviles 610 470 708 - 670 219 713  
616 65 64 20  
galbanox@hotmail.com

Clm. Nacional, 536 - Km. 40  
Sobradelo de Valdeorras

BO NADAL E FELIZ 2015